



GUÍA DOCENTE DE **CORO I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO).

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: CORO I - VI										
ESPECIALIDADE	Produción e xestión							ITINERARIOS	---	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Orquestra
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5h
ECTS/CUAD.			1	1	1	1			Observacións:	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Interpretación do repertorio coral habitual <i>a capella</i> e con orquestra. Desenvolvemento da educación vocal. Afondamento nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do director e a integración no conxunto.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes a Linguaxe musical.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina de orquestra/banda é o eixe vertebral da especialidade de interpretación, e depende directamente do proceso de aprendizaxe nos distintos itinerarios.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T7, T9, T10, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X4, X7, X8
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5, EPX6, EPX7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Saber cantar a catro e máis voces <i>a capella</i> obras de diferentes épocas e estilos	X2, X3, X7, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI9, EI10, EPX5, EPX6, EPX7
Entoar correctamente a primeira vista obras sinxelas a 2, 3 e 4 voces.	X2, X3, X7, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI9, EI10, EPX5, EPX6, EPX7
Coñecer as fonéticas dos idiomas aplicados ó canto nas obras que se interpreten na clase.	X2, X3
Ter conciencia da importancia de traballar en grupo, a asistencia a clase co seu papel aprendido e respectando ós demais alumnos/as tanto persoal como artisticamente.	T7, T9, T10
Saber integrarse no conxunto vocal e co acompañante ou acompañantes.	T7, T9, EPX5, EPX6, EPX7
Responder correctamente ás indicacións feitas polo director/a en todos os aspectos técnicos estilísticos: articulación, fraseo, dinámica, planos...	X2, X7, EI4, EPX5, EPX6, EPX7
Diferenciar estilos de diversas épocas e autores.	X2, X3, EPX6, EPX7
Desenvolver a capacidade de interpretación camerística.	T7, T9, T10, EPX5, EPX6, EPX7
Respectar ós seus compañeiros/as tanto a nivel persoal como profesional, axudando á súa integración no grupo.	T7, T9, T10
Controlar o corpo e a mente nas interpretacións cara o público.	X3
Asistir con regularidade e puntualidade ás clases e con actitude positiva.	X7, T13



Coñecer as características da propia voz: extensión, tesitura, timbre e cualidades expresivas e aplicalas as interpretacións.	X3, X8, EPX5
Desenvolver un sentido crítico para consigo mesmo durante todo o proceso de aprendizaxe que lle sirva ademais para enriquecerse e saber buscar, analizar e estudar independentemente determinadas obras adecuadas para alumnados diferentes.	T7, T10, EPX5, EPX7
Establecer un clima de diálogo e cooperación entre alumnos e alumnas e o profesor e enriquecer así a aprendizaxe.	T7, T9, T10, T13

#### 4. CONTIDOS

1. Respiración, relaxación e axeitamento corporal.
2. A emisión e o ataque do son.
3. A afinación e lectura a primeira vista. 3.1. Facelo sen necesidade de facer soar todos os elementos dunha obra 3.2. Estratexias para saber afinar con precisión
4. Interpretación 4.1. Estilo 4.2. Fraseo 4.3. Adecuación á época e autor
5. O xesto do director
6. Texturas homofónicas e polifónicas
7. O canto a primeira vista
8. O ensaio. Dinámica e preparación
9. Métodos de estudo. 9.1. Responsabilidade no propio estudo 9.2. Análise da obra, métodos de comprensión e memorización.

#### 5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica individuais	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Ensaio seccionais con profesor	Presencial	Durante o cuadrimestre
Ensaio tutti	Presencial	Durante o cuadrimestre
Ensaio xerais	Presencial	Durante o cuadrimestre
Concertos	Presencial	Na metade e ao final do cuadrimestre
Avaliación do proceso	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Tutorías	Presencial	Durante o cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*